

PREGO PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS QUE REXEN A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA SELECTIVA DE PAPEL CARTÓN E ENVASES NO CONCELLO DE CERDEDO

1. CONTIDO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de recollida de envases lixeiros e papel cartón no ámbito do concello de Cerdedo, incluída a colocación ou substitución dos contenedores necesarios.

Os servizos obxecto deste contrato prestaranse por xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión de servizo público, dacordo co previsto no art. 277 a) do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adelante TRLCSP).

O contrato terá a natureza de contrato administrativo e rexeráse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción polo disposto no Prego de Condicións Administrativas Particulares, no Prego de Prescripcións Técnicas no contrato que se suscriba, no TRCLSP, na legislación de réximen local e no resto de legislación aplicable.

O contrato adxudicárase por procedemento aberto, baixo a modalidade de varios criterios de adxudicación.

2. ALCANCE

O servizo organizarase en rutas de recollida que deberán adaptarse en todo momento ao ritmo de enchido dos contenedores, ao incremento dos mesmos e ás campañas de recollida que, a estes efectos, vai realizar o concello, coa intención de incrementar o volume de toneladas a recoller.

Corresponderá ao adxudicatario organizar as rutas de recollida para optimizar a mesma e garantir que en ningún caso se produzan desbordamentos.

En todo caso, establécese unha frecuencia mínima de quince días para a recollida de envases e de un mes no papel cartón, neste caso referido aos núcleos de Cerdedo, Quireza e Tomonde. Esta frecuencia mínima só poderá reducirse a solicitude da empresa adxudicataria, a cal deberá referirse a lugares concretos onde se acredite de forma fehaciente que os contenedores non se atopan cheos nun 70% da súa capacidade no momento da recollida, polo menos tres veces consecutivas.

O concello resérvase a potestade de esixir en calquera momento o aumento da frecuencia ata ese período mínimo de comprobar que se chega á porcentaxe indicada.

Igualmente, a empresa está obrigada en todo caso a aumentar os períodos de recollida de comprobarse que existen contenedores cheos, non podéndose producir desbordamentos en ningún caso.

A recollida dos materiais realizarase sempre separadamente, estando terminantemente prohibida a mezcla de residuos de distintas familias, procedéndose a continuación ao seu traslado ao centro de tratamento.

En todo caso, a empresa deberá unha vez ao cuatrimestre de xeito continuado realizar unha recollida exclusiva no concello de Cerdedo que permita unha valorización única dos residuos por parte de Ecoembes

3. MEDIOS MATERIAIS

O contratista propondrá os medios técnicos de recollida que considere mellores, debendo garantir que son axeitados para a realización do servizo nas diferentes ubicacións existentes na actualidade.

Tamén deberá substituír os contenedores averiados ou que queden fora de uso por calquera circunstancia.

Todos os vehículos asignados ao servizo deberán cumprir toda a normativa vixente en materia de seguridade e atoparse en perfecto estado de conservación e limpeza.

O contratista está obrigado a efectuar unha limpeza dos contenedores cando menos unha vez ao ano

1. OUTRAS OBRIGAS DO CONTRATISTA

O contratista deberá indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia do desenvolvemento do servizo.

O contratista deberá dispoñer de persoal suficiente e está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes, especialmente en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

Trimestralmente o adxudicatario deberá entregar un informe no que se recollan os aspectos necesarios para facer un seguimento axeitado do servizo.

2. FALTAS E SANCIÓN

Os diversos incumprimentos das condicións do servizo clasificaranse en faltas leves, graves e moi graves.

Consideraranse faltas leves:

- A falla de mantemento axeitado dos camións.
- Calquer incumprimento que non se considere falta grave ou moi grave.

Consideraranse faltas graves:

- O primeiro incumprimento das frecuencias de recollida, que determine a existencia de contenedores desbordados.
- A non retirada de materias selectivos situados ao lado dos respectivos contenedores.
- A non retirada dos materiais que caesen á vía pública como consecuencia das labores do servizo.
- O incumprimento de ordes expresas do concello respecto ao funcionamento do servizo.
- A reincidencia en faltas leves durante un período de seis meses.
- Non ampliar as frecuencias de recollida dalgún contenedor cando se demostre necesario ou non incorporar aos itinerarios habituais os novos contenedores ubicandoos durante o prazo do contrato.
- A non limpeza e coidado dos contenedores.

Consideraranse faltas moi graves:

- O primeiro incumprimento das frecuencias de recollida, que determine a existencia de contenedores desbordados.
- Exceder o prazo fixado polo concello para a recollida nun contenedor desbordado

ANEXO I

A. RECOLLIDA SELECTIVA DE PAPEL - CARTÓN:

- LUGARES RECOLLIDA OBRIGATORIA A REALIZAR POR ADXUDICATARIO:

PEDRE
O COTELIÑO - GASOLINERA
NUCLEO URBANO CERDEDO
COVAS
BUGARIN
FONDOS
OUTEIRO
OS CASTROS
CASTRO DO MEDIO
CASTRO DO CABO (unión carretera CASTRO DO CABO-FILGUEIRA-VILALEN)
PUNTO LIMPIO-AREA APORTACION
FIGUEROA
TOMONDE
PONTE PIÑOA
PISCINA

- LUGARES OPCIONAIS A REALIZAR POR ADXUDICATARIO:

VILAR
INSUA
CUIÑA –VILARCHÁN

B. RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES:

C. LUGARES RECOLLIDA OBRIGATORIA A REALIZAR POR ADXUDICATARIO:

PEDRE
O COTELIÑO - GASOLINERA
NUCLEO URBANO CERDEDO
COVAS
BUGARIN
FONDOS
OUTEIRO
OS CASTROS
CASTRO DO MEDIO

CASTRO DO CABO
VILALEN
FILGUEIRA
PUNTO LIMPIO-AREA APORTACION
FIGUEROA
TOMONDE
PONTE PIÑOA
PISCINA
CUIÑA
VILARCHAN

DEAN
LOUREIRO
VILAR
CABENCA
REVOLTA
LOURIDO
VIDUIDO
CHAMADOIRA
LIMERES
AREN
BARRO
LAXOSO
PIÑEIRO
TRES ALDEAS
DEVESA
BARBEIRA

D. LUGARES OPCIONAIS A REALIZAR POR ADXUDICATARIO:

INSUA	CASAL - QUINTA-OUTEIRO
FRAMIL	(1 contenedor)
CACHOFES	VILARIÑO
	CARBALLÁS
	CAVADOSA

ANEXO II

Papel - cartón

X CONTENEDORES OBRIGATORIOS A SUMINISTRAR POR ADXUDICATARIO

- 9 Unidades contenedores de 3 m³ para residuos domésticos de papel-cartón, de base rectangular/ cadrada e cor azul. Carga vertical.
 - Preferentemente dúas bocas de enchido rectangulares con dimensións adecuadas segundo deseño do contenedor e específicas para papel - cartón.
 - Identificación produto en letra branca "RECORDA, só envases de cartón, papel, periódicos e revistas" sobre fondo azul, segundo modelo de ECOEMBES.
- 3 unidades contenedores de 2 m³ de base rectangular/ cadrada. Cor azul. Carga vertical.
 - Preferentemente dúas bocas de enchido rectangulares con dimensións adecuadas segundo deseño do contenedor e específicas para papel.
 - Identificación produto en letra branca "RECORDA, só envases de cartón, papel, periódicos e revistas", segundo modelo de ECOEMBES.

X CONTENEDORES OPCIONAIS A SUMINISTRAR POR ADXUDICATARIO

- 3 unidades contenedores de 2 m³ de base rectangular/ cadrada. Cor azul. Carga vertical.
 - Fabricados en poliéster reforzado con Fibra de Vidro (P.R.F.V) e perímetro exterior recuberto superficial (Gel Coat).
 - Preferentemente dúas bocas de enchido rectangulares con dimensións adecuadas segundo deseño do contenedor e específicas para papel.
 - Identificación produto en letra branca "RECORDA, só envases de cartón, papel, periódicos e revistas", segundo modelo de ECOEMBES.

Envases

✘ CONTENEDORES OBRIGATORIOS A SUMINISTRAR POR ADXUDICATARIO

- 17 Unidades contenedores rodantes de 1.100 litros para recollida selectiva de envases de plástico e metal, cor amarelo. Carga traseira . Tapa plana.
 - Fabricados en polietileno de alta densidade e resistente aos impactos e estabilizado contra a acción dos raios UV.
 - Equipado con 4 rodas.
 - Tapa PLANA. Preferentemente con dúas bocas de enchido con dimensións adecuadas segundo deseño do contenedor e específicas para envases.
 - Identificación produto en letra branca "RECORDA, só envases de plástico, latas e briks", segundo modelo de ECOEMBES.
- 5 Unidades contenedores rodantes de 800 litros para recollida selectiva de envases de plástico e metal, cor amarelo. Carga traseira . Tapa plana.
 - Fabricados en polietileno de alta densidade e resistente aos impactos e estabilizado contra a acción dos raios UV.
 - Equipado con 4 rodas.
 - Tapa PLANA. Preferentemente con dúas bocas de enchido con dimensións adecuadas segundo deseño do contenedor e específicas para envases.
 - Identificación produto en letra branca "RECORDA, só envases de plástico, latas e briks", segundo modelo de ECOEMBES.
- 3 Unidades contenedores rodantes de 1.100 litros para recollida selectiva de envases de plástico e metal, cor amarelo. Carga traseira . Tapa curva. Canal HORECA.
 - Fabricados en polietileno de alta densidade e resistente aos impactos e estabilizado contra a acción dos raios UV).
 - Equipado con 4 rodas.

- Tapa CURVA.

- 3 Unidades contenedores rodantes de 360 litros para recollida selectiva de envases de plástico e metal, cor amarelo. Carga traseira . Tapa plana.

- Fabricados en polietileno de alta densidade e resistente aos impactos e estabilizado contra a acción dos raios UV.

- Equipado con 2 rodas.

- Tapa PLANA.

✘ CONTENEDORES OPCIONAIS A SUMINISTRAR POR ADXUDICATARIO

- 6 Unidades contenedores rodantes de 800 litros para recollida selectiva de envases de plástico e metal, cor amarelo. Carga traseira . Tapa plana.

- Fabricados en polietileno de alta densidade e resistente aos impactos e estabilizado contra a acción dos raios UV.

- Equipado con 4 rodas.

- Tapa PLANA. Preferentemente con dúas bocas de enchido con dimensións adecuadas segundo deseño do contenedor e específicas para envases.

- Identificación produto en letra branca "RECORDA, só envases de plástico, latas e briks", segundo modelo de ECOEMBES.

ANEXO III
INFORMACIÓN RELEVANTE

Datos da recollida de papel/cartón:

ANO	CANTIDADE (Kg).
2005	6.870
2006	4.900
2007	6.870
2008	5.540
2009	6.840
2010	8.820
2011	6.420
2012	6.040
2013	4.640

Datos da recollida de envases lixeiros:

ANO	CANTIDADE (Tn).
2000	2.320
2001	5.195
2002	6.177
2003	7.199
2004	7.789
2005	9.397
2006	11.118
2007	12.855
2008	14.011
2009	21.346
2010	21.947
2011	19.387
2012	20.378
2013	19.604

Datos facturación SOGAMA:

Mes	ano 2004	ano 2005	ano 2006	ano 2007	ano 2008	ano 2009	ano 2010	ano 2011	ano 2012	ano 2013	ano 2014
xaneiro	6,28	26,00	30,42	32,64	34,76	30,04	33,06	27,40	29,20	25,18	28,96
febreiro	24,08	25,20	24,52	27,46	29,92	31,06	24,44	32,60	22,88	23,42	26,58
marzo	25,88	27,42	29,66	32,14	27,66	34,42	35,90	34,52	23,32	23,76	31,60
abril	28,48	31,78	29,48	31,92	34,86	30,58	32,98	40,32	31,44	31,02	21,24
maio	25,06	28,74	36,22	35,76	38,38	31,52	33,72	33,14	25,36	23,88	
xuño	32,68	35,40	36,80	36,02	39,46	40,28	42,14	37,34	29,78	25,56	
xullo	42,58	46,70	42,52	50,06	44,16	49,20	47,86	40,78	35,60	41,78	
agosto	43,64	47,82	49,32	52,50	44,06	43,28	47,34	44,04	41,52	36,46	
setembro	30,80	32,64	34,38	32,50	42,80	42,10	35,06	31,96	22,12	33,52	
outubro	32,82	25,56	37,64	39,24	29,64	40,36	39,24	35,68	32,30	29,44	
novembro	29,02	33,68	29,18	30,14	31,02	33,42	33,44	27,52	26,54	25,94	
decembro	30,58	30,38	32,58	31,06	34,54	45,12	31,92	34,16	33,34	32,52	
TOTAL	351,90	391,32	412,72	431,44	431,26	451,38	437,10	419,46	353,40	352,48	108,38